Distribución dos cursos da ESO na LOMCE

Coa LOMCE vólvese a recuperar o concepto de ciclo na ESO, que desaparecese en LOE, e así esta etapa pasa a organizarse en **dous ciclos**. O primeiro formado polos cursos 1º, 2º e 3º, e o segundo formado por 4º curso. Dáse a opción de que en 1º de ESO se poidan agrupar as materias en ámbitos de coñecemento para facilitar o paso do alumnado desde a educación primaria á secundaria.

Desaparecen os programas de diversificación curricular en 3º e 4º de ESO, pero impartiranse **Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento en 2º e 3º de ESO**, que irán dirixidos ao alumnado con dificultades importantes na aprendizaxe, non imputables á falta de estudo.

O **cuarto curso de ESO** terá carácter propedéutico para o alumnado, e en función da súa vocación, o seu perfil cara a universidade, os seus gustos, as súas capacidades, ou outros factores, este alumnado poderá elixir **dúas opcións** (poderase obter o título de graduado na ESO polas dúas opcións):

- **Ensinos académicos** para a iniciación ao Bacharelato.
- **Ensinos aplicados** para a iniciación á Formación Profesional.

Aínda que a LOMCE establece os **ciclos iniciais de Formación Profesional Básica** dentro da formación profesional, é conveniente indicar que estes substitúen aos Programas de Cualificación Inicial (PCPI), xa que os poderán cursar alumnado que cumprindo unha serie de requisitos, aínda se atopen en idade de escolarización obrigatoria (menores de 16 anos). O alumnado que finalice esta formación poderá presentarse ás probas finais para obter o graduado na ESO ou pasar directamente á Formación Profesional de Grao Medio.



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 7

Abril - 2014

NOVIDADES DA LOMCE

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

LAMA DAS QUENDAS DE CHANTADA

R.\ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)
Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ieslamaquendas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

A avaliación externa na LOMCE

Coa LOMCE aparecen avaliacións externas, que son probas que se realizarán en todas as etapas (Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato). En Primaria non terán efectos académicos, pero as da ESO e Bacharelato si, e será necesario superalas para obter as titulacións correspondentes.

❶ En **Primaria** existirán **dúas probas** externas:

- **3º primaria**: Será individualizada, orientada a comprobar o grao de adquisición das competencias matemática e lingüística, con carácter diagnóstico, e realizada polos propios centros aínda que deseñada pola administración. No caso de que o alumnado obteña resultados desfavorable será necesario aplicar programas de reforzo.
- **6º primaria**: Será individualizada, orientada a comprobar as competencias e o logro dos obxectivos da etapa. A proba será común para todos os alumnos, e o goberno establecerá os criterios de avaliación e as características. Facilitarase un informe individualizado ás familias, e terá carácter orientador para os centros.

❷ Ao finalizar **4º curso da ESO** realizarase **unha avaliación externa** que será necesario aprobar para poder titular. Serán probas diferentes segundo se pretenda cursar Bacharelato ou Formación Profesional, pero a elección non é decisiva, xa que todo o alumnado poderá presentarse á avaliación pola opción que decida, ou a ambas opcións na mesma ou en diferentes ocasións, con independencia da opción cursada en 4º curso da ESO.

- O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte establecerá para todo o Sistema Educativo Español os criterios de avaliación e as características das probas.
- Os alumnos que non titulen recibirán **unha certificación oficial** co número de anos cursados, e o grao de logro dos obxectivos e a adquisición de competencias.



❸ Ao finalizar **2º curso de Bacharelato** o alumnado que aprobase todas as materias realizará **outra avaliación externa** que será necesario superar para obter o título de Bacharel. Co título poderase pasar á Universidade ou á FP de Grao Superior.

- Tamén nesta proba será o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte o responsable de establecer os criterios de avaliación e as características da proba para todo o Sistema Educativo Español.
- Ao alumnado que supere todas as materias sen superar a avaliación final, entregaráselle un certificado con efectos laborais e académicos para acceso aos ciclos de Formación Profesional de Grao Superior (se cumpre o resto de requisitos para o acceso e admisión aos devanditos ciclos).